

UNHA VISIÓN COMÚN SOBRE O PROBLEMA DAS PLANTACIÓNS DE EUCALIPTO

Análise e propostas do movemento ecoloxista ibérico para solucionar a conflitividade social e ambiental das plantacións de eucalipto

16 de marzo de 2011

1. Unha visión común sobre o problema das plantacións de eucalipto

No ano 2005, presentouse publicamente "Unha visión común para transformar a industria europea do papel", documento asinado por unha ampla representación de organizacións ecoloxistas e sociais europeas onde se poñía en común as demandas á industria papeleira europea. Entre as demandas, o movemento ecoloxista reclamaba unha "Europa que reduza radicalmente o seu consumo de papel", e que "a produción de papel en Europa se fabrique a partir de fibras procedentes de fontes responsables e sustentables, ofrezca emprego, teña impactos sociais beneficiosos, non xere conflitos e sexa xusta".

Pero para que estas demandas poidan chegar a facerse realidade, hai que rematar coa conflitividade que xeran as plantacións de eucalipto na península Ibérica. No Ano Internacional dos Bosques, o movemento ecoloxista ibérico quere presentar ás administracións públicas e ao sector do eucalipto unha proposta de solución para aparcar esta conflitividade e poder sumar esforzos, xunto á industria e os propietarios, a favor dos produtos forestais de orixe social e ambientalmente responsables.

As propostas non son novas, xa que non é a primeira vez que o movemento ecoloxista ou a comunidade científica avogaron por un ordenamento racional do sector e pola mellora das prácticas forestais nestas plantacións. Como xa propuxemos nun manifesto do ano 2004, o movemento ecoloxista quere fuxir de posicións irredutibles a favor ou en contra do eucalipto. As nosas demandas sinalan unha folla de rota cara a onde debe encamiñarse o sector e o futuro das superficies ocupadas por eucalipto.

2. A importancia do eucalipto na península Ibérica

Debido a máis de medio século de apoio institucional, o sector económico dedicado ao cultivo do eucalipto e á fabricación de pasta de papel a partir da súa celulosa é moi importante nalgunhas zonas de España e Portugal. Proprietarios, rematantes, maderistas e fábricas de pasta e papel de Andalucía, Galicia, Asturias, Cantabria e a provincia de Bizkaia, así como en Portugal, son claves no tecido industrial e tamén na dinamización do medio rural e o sector forestal.

O cultivo do eucalipto ocupa na península Ibérica arredor de millón e medio de hectáreas en masas puras ou mesturadas. En Portugal, Andalucía e Estremadura a superficie diminuíu na última década, mais noutras rexións a planificación forestal non puido ou non quixo delimitar como e onde se poden seguir plantando eucaliptos. A contorna de Doñana, a Galicia interior ou a media montaña de Asturias ou Cantabria seguen sendo ocupadas ou corren o risco de se ver afectadas por estas plantacións. Ademais, o eucalipto mostra unha significativa capacidade invasora, sobre todo despois de incendios, que favorece a súa expansión.

O sector está a demandar actualmente novos e mellores solos para o cultivo do eucalipto, esta vez con planta mellorada en forma de "super-árbores" con maiores

crecementos e rendibilidades, e con promesas de reducir a superficie ocupada. Ao sector xa non lle interesan os montes menos produtivos, de difícil mecanización, cuxas quendas se esgotaron ou están afectados por pragas e enfermidades que ocasionaron un grave dano aos produtores. Esta nova situación xera un desprazamento do eucalipto cara a novos espazos. Ademais, xurdiu unha nova demanda de solos agrícolas para a plantación de eucaliptos para a súa utilización como biomasa.

3. A conflitividade das plantacións de eucalipto

Este sector económico tan relevante é tamén fonte de conflitos. O cultivo de eucalipto segue sendo un problema para a conservación da fauna e a flora, para a conservación do recurso solo, para a xestión dos recursos hídricos, para os espazos protexidos e para o correcto ordenamento do territorio.

O problema non é tanto o eucalipto como as políticas públicas (ou a ausencia de políticas) que derivan en modelos de xestión do territorio pouco racionais. Malia as orixes e a visceralidade/exaltación que o eucalipto xerou nalgúns axentes sociais e económicos, o problema, a cuestión ou o debate sobre o eucalipto non é hoxe unha confrontación entre posicións irredutibles a favor ou en contra desta árbore.

A "cuestión do eucalipto" é en realidade un conxunto de problemas asociados á falta de planificación e regulación das plantacións de eucalipto, carencias que se ven reflectidas en:

- O impacto directo sobre a diversidade biolóxica dos ecosistemas aos que substitúe.
- Impacto ambiental negativo derivado do modelo de xestión intensivo das plantacións, con problemas graves no caso dos aterrazamentos.
- A presenza e expansión da superficie ocupada polo eucalipto dentro dos espazos naturais protexidos ou en hábitats de especies incluídas nalgún dos libros vermellos, catálogos nacionais ou autonómicos de especies ameazadas, directivas europeas, ou outras normas e documentos de referencia nacional e internacional.
- Os factores ecolóxicos limitantes dos ecosistemas para acoller máis plantacións de eucalipto.
- As dificultades dos instrumentos de planificación (plans forestais, de usos do solo, territoriais, de ordenación dos recursos naturais, etc.) para levar as súas propostas á práctica.
- O forte nesgo da política forestal en torno á produción de pasta de celulosa versus a marxinación do sector do aserrío.
- A proliferación de pragas e enfermidades procedentes de Australia e o seu impacto na produtividade do eucalipto.
- Os desaxustes entre oferta e demanda de madeira de eucalipto
- O estancamento do prezo da madeira de eucalipto en España debido ao carácter cíclico do mercado do papel, ás importacións e á redución do seu consumo.
- As novas demandas de cultivo de eucalipto para biomasa.

Os males do eucalipto non son imputables a esta árbore, senón a unhas deficientes técnicas de planificación, repoboación, selvicultura e explotación, é dicir, á especie humana. E a unhas expectativas para o pequeno propietario, xeradas dende a industria, sobre a súa alta rendibilidade que veñen resultando, á súa vez, dubidosas.

4.Propostas

Directriz n.º 1: Fixar un límite de ocupación do territorio baseado en criterios científico-técnicos.

A planificación forestal é unha das demandas que conta con maior consenso entre os expertos na materia. E a comunidade científica, o movemento ecoloxista, a administración forestal e unha parte do sector industrial resaltan a necesidade de fixar un límite á ocupación do territorio por parte do eucalipto.

Despois de décadas de permisividade, apoio institucional e subvencións con fondos europeos, o eucalipto ocupa hoxe unha grande extensión na península Ibérica. Moitas destas superficies destinadas á plantación de eucaliptos non son viables para a produción de madeira destinada á industria, debido ao seu pequeno tamaño, á falta de interese dos seus propietarios, á aridez do clima, á baixa fertilidade dos seus solos e/ou a acción dalgunhas das pragas ou enfermidades que afectan ao eucalipto. Ademais, debido á súa capacidade de expansión natural como especie exótica invasora, o eucalipto ocupou de xeito "espontáneo" zonas adxacentes ás plantacións, soutos, ribazos e manchas de vexetación atlántica. O seu carácter invasor, favorecido ademais pola acción dos incendios forestais, está a provocar un aumento da superficie forestal salpicada pola presenza desta especie.

Nas principais CC.AA. produtoras de madeira de eucalipto xa se alcanzou o teito suxerido polos expertos ou as previsións realizadas polos documentos de planificación forestal.

-Medida n.º 1. Os instrumentos de planificación territorial (Plan Forestal, PORFs, Plans Comarcais) deben establecer os límites físicos e a extensión máxima que deben ocupar as plantacións de eucalipto, baseándose no enfoque ecosistémico tal como o define UICN e o Convenio da Diversidade Biolóxica e á súa metodoloxía proposta. No caso de que a planificación forestal estableza que xa se chegou ao teito da superficie ocupada polo eucalipto, a planificación establecerá cómo evitar as novas plantacións de eucalipto, e no seu caso, establecer escenarios de restauración da superficie excedida.

-Medida n.º 2. A planificación física deberá implementar a Avaliación dos Ecosistemas do Milenio nos ecosistemas forestais, recoñecendo a importancia da súa conservación per se, alén dos servizos que prestan gratuitamente e que teñen un valor económico. Por este motivo, os documentos de planificación deberán ter en conta a necesaria cuantificación do valor dos servizos ecosistémicos e establecer legalmente sistemas de Pagamento polos Servizos Ambientais (PSA), que nos ofrece o bosque autóctono.

-Medida n.º 3. A planificación forestal debe realizarse co máximo de participación social, integrando o maior rango de intereses sectoriais, incluídos especialistas en ordenación do territorio, conservación da biodiversidade, conservación do chan, etc. A devandita planificación debe promover unha integración efectiva das funcións ambientais, sociais e económicas do espazo forestal e a diversificación da produción forestal.

-Medida n.º 4. No caso de que a planificación forestal autorice novas plantacións, considerarase de xeito prioritario a permuta de terreos (no caso de plantacións en espazos protexidos), a agrupación de propietarios, a obrigatoriedade dunha xestión axeitada e a restauración dos terreos permutados.

-Medida n.º 5. A planificación forestal deberá establecer as condicións para as novas plantacións de eucalipto destinadas a biomasa, que deberán estar afastadas da área de influencia dos espazos naturais protexidos, hábitats de especies incluídas nalgún dos libros vermellos, catálogos nacionais ou autonómicos de especies ameazadas, directivas europeas, ou outras normas e documentos de referencia nacional e internacional, así como de elementos naturais de especial importancia hidroxeolóxica.

Directriz n.º 2: Respecto á planificación forestal, as estratexias e plans de ordenación do territorio e á lexislación ambiental.

Para a resolución do conflito e a mellora da sustentabilidade das plantacións de eucalipto é fundamental que tanto as administracións públicas coma o sector privado cumpran a lexislación vixente, acepten a necesaria planificación do territorio e entendan a necesidade dunha política forestal que diversifique a produción e fomente a multifuncionalidade do monte.

-Medida n.º 6. Adaptar a lexislación de avaliación de impacto ambiental para que todas as plantacións de eucalipto, incluídas as realizadas tras o destoconado dunha antiga plantación, sexan sometidas ao procedemento de avaliación de impacto ambiental cando a súa superficie sexa superior a 25 hectáreas. No caso de antigas plantacións de eucalipto, débense denegar as solicitudes de plantar máis eucaliptos na proximidade de zonas de interese cultural, en zonas próximas a mananciais, fontes e puntos de auga ou zonas con asulagamentos temporais.

-Medida n.º 7. Reforzar a capacidade da administración forestal e ambiental para o seguimento e control da aplicación de toda a normativa referente ás plantacións de eucalipto.

-Medida n.º 8. Resolver con dilixencia as denuncias e expedientes administrativos abertos polo incumprimento dos requirimentos administrativos e a normativa legal.

Directriz n.º 3: Prohibición de novas plantacións en espazos naturais protexidos e eliminación progresiva das existentes.

-Medida n.º 9. Non se autorizarán novas plantacións de eucalipto en espazos naturais protexidos (Rede Natura 2000, ENPs) e noutros espazos de interese para a conservación de hábitats ou especies ameazadas.

-Medida n.º 10. A planificación forestal incluírá nos orzamentos anuais partidas para a retirada progresiva ou substitución destas plantacións, mediante a permuta ou compra de terreos, axudas específicas á substitución de especies, priorizando aquelas localizacións de grande impacto ambiental, ou con menos interese produtivo. Os plans concretarán medidas, orzamentos, prazos e obxectivos cuantitativos.

-Medida n.º 11. Naqueles espazos protexidos onde existan plantacións de eucalipto, a curta final e destoconado estará fortemente condicionada á adopción de novos métodos e criterios que prioricen os obxectivos de conservación e protección do solo e da paisaxe fronte aos obxectivos de produción.

-Medida n.º 12. Débense prohibir as plantacións de eucaliptos nos encravados e propiedades dentro de áreas forestais ocupadas por masas autóctonas en bo estado de conservación.

Directriz n.º 4: Estabelecer directrices de xestión específicas con indicadores para reducir significativamente os impactos negativos do modelo de xestión dos eucaliptales.

-Medida n.º 13. Os proxectos de ordenación, plans de xestión e avaliacións de impacto ambiental deberían integrar novos deseños de plantacións máis estables que inclúan os seguintes aspectos:

- Respetar e manter os exemplares e bosquetes de vexetación natural existentes, tanto no sotobosque como nos lindes da plantación. Promover a creación de rodais de bosque natural e doutros hábitats (pradarías, rochedos, matogueiras), aproveitando a heteroxeneidade espacial existente, como cavorcos, cristas, rochedos, mananciais, devasas, etc.
- O deseño da plantación e a súa xestión debe buscar a creación de discontinuidades na masa forestal, a creación de espazos ou corredores que sirvan como corredores ecolóxicos, especialmente mediante a recuperación e a conservación en bo estado dos bosques de ribeira.
- Evitar as plantacións formadas por superficies continuas e xeométricas, como forma de reducir o impacto visual e ambiental, favorecendo as estratexias contra os incendios forestais e creando corredores biolóxicos.
- A partir dunha superficie factible, diversificar a plantación, promovendo o emprego de especies forestais autóctonas con obxectivos de produción e/ou conservación (castiñeiro, cerdeira, bidueiro, piñeiros autóctonos, sobreira, aciñeira, etc.).
- Para evitar o efecto daniño dos vendavais ou a afección das pragas e enfermidades forestais, o deseño da plantación deberá buscar unha diversificación de clases de idade.
- Cando se utilicen clons, procurárase evitar as plantacións continuas dun mesmo clon superiores ás 10 ha.
- Evitar as talas anuais superiores a 10 ha en terreos de pendente superior ao 20%. En todo caso, condicionar o tamaño da curta en función da erosionabilidade do solo e o réxime de precipitacións.
- Manter os residuos de talla nas plantacións, triturándoos e esparexéndoos uniformemente sobre a superficie, co obxectivo de favorecer o mantemento da fertilidade do solo e protexer este fronte á erosión. Prohibir o uso do lume como ferramenta de xestión forestal, especificamente na eliminación dos restos de talla.
- Evitar as devasas moi visibles e perpendiculares a curvas de nivel, substituíndoas por áreas devasas sen o solo nu, usando especies autóctonas pouco pirófilas.
- Aplicar métodos para o combate de pragas que minimicen a utilización de praguicidas e aposten polos métodos preventivos e a loita biolóxica. O uso de praguicidas estará só xustificado en casos de emerxencia e con carácter curativo, evitando os tratamentos preventivos.

Directriz n.º 5: Incrementar e mellorar a investigación independente sobre xestión forestal aplicable ás plantacións de eucalipto na península Ibérica.

-Medida n.º 14. Estabelecer un grupo de traballo con expertos de diferentes disciplinas que avalíe a técnica dos aterraxamentos que se practica no Centro e Sueste da península, co obxecto de propoñer

modificacións concretas que minimicen os impactos negativos desta técnica. Os seus obxectivos serían:

- Investigar alternativas de preparación do terreo que minimicen a degradación do solo, ensaiando as mellores técnicas que permitan o mantemento da calidade do solo.
- Buscar alternativas á eliminación total da vexetación nos traballos de preparación do terreo.

-Medida n.º 15. Avaliar o impacto da extracción de restos de curta (codia, ramas, follas) para a súa utilización como biomasa, e a crecente demanda enerxética. É particularmente relevante determinar a cantidade de nutrientes que se eliminarán do ecosistema se os restos de talla se retiran da parcela, e como esa diminución afectará á produtividade da parcela,

-Medida n.º 16. Aumentar a investigación sobre usos non celulósicos da madeira de eucalipto, usos que permitan que unha proporción de plantacións teñan quendas de curta superiores a 15 anos, repercutindo nunha diversificación de produtos, unha redución da extracción media de nutrientes do solo e unha mellor capacidade de acollida de biodiversidade nas plantacións. Neste sentido, é importante desenvolver unha selvicultura de plantacións de eucalipto destinada a madeira de calidade que permita unha maior multifuncionalidade destas plantacións.

-Medida n.º 17. Mellorar a metodoloxía utilizada para estimar a evolución do carbono almacenado nas plantacións de eucalipto e os seus produtos, metodoloxía que inclúa no balanceo global todos os fluxos de carbono, incluídas as perdas de carbono edáfico resultantes dos procesos de cambio de uso do chan, de preparación do terreo, de modelo de xestión selvícola e dos diferentes métodos de eliminación de restos de talla. Neste sentido, débese avanzar na correcta avaliación do balance de gases de efecto invernadoiro deste tipo de plantacións, tendo en conta tamén o nitróxeno, xa que a combustión de codia, ramas e follas libera cantidades nada desprezables de NOx.

-Medida n.º 18. Investigar e desenvolver alternativas de desenvolvemento económico en zonas altamente dependentes do eucalipto que permitan unha maior diversificación económica, como a produción de madeiras de calidade, produtos forestais non madeirables, turismo rural, ecoturismo, mantemento de espazos naturais protexidos, etc.

Directriz n.º 6: Non autorizar o desenvolvemento de plantacións de eucaliptos transxénicos.

As árbores modificadas xeneticamente (transxénicas) supoñen un grave risco ambiental. As afeccións á biodiversidade, así como o conxunto de riscos sanitarios e socioeconómicos propios dos organismos modificados xeneticamente fan que nos opoñamos á súa liberación, tanto en cultivos agrarios como forestais.

-Medida n.º 19. A administración forestal non autorizará plantacións de eucaliptos transxénicos nas súas respectivas CC.AA.

Directriz n.º 7: Utilizar a certificación forestal do FSC (*Forest Stewardship Council*) como unha das ferramentas posibles para mellorar a xestión das plantacións de eucalipto.

Existen organizacións ecoloxistas na península Ibérica que non apoian os sistemas de certificación forestal existentes na actualidade, pois debido aos seus fallos non están a garantir unha xestión forestal realmente sustentable.

Outros grupos están a apoiar activamente o sistema de certificación do *Forest Stewardship Council*, coñecido polas siglas FSC. Para estes grupos que apoian o FSC, este sistema está inspirado na participación e o consenso entre os axentes interesados na xestión forestal, busca a transparencia e ten procedementos de reclamación e resolución de conflitos. Por este motivo, o FSC constitúe un dos foros onde podería xerarse un entendemento entre o sector produtor de madeira de eucalipto e unha parte do movemento ecoloxista.

-Medida n.º 20. Discutir co sector, no contexto do proceso de revisión dos indicadores FSC para a xestión forestal sostible, aqueles criterios e indicadores que harmonicen a produción de madeira de eucalipto coa xestión responsable dos recursos naturais.

-Medida n.º 21. A administración forestal nas diferentes CC.AA. deberá apoiar os sistemas de certificación que, como o FSC, buscan o maior consenso social e a participación, e teñen a capacidade de canalizar a conflictividade do sector do eucalipto e de buscar consensos e compromisos entre todas as partes.

Directriz n.º 9. Non considerar as plantacións de eucalipto como solución ao cambio climático.

Os ecosistemas ben conservados, funcionais e conectados entre si en redes ecolóxicas, manteñen uns servizos ecosistémicos moi importantes grazas á súa resiliencia. Un deles é o de sumidoiro de CO₂. As plantacións de eucalipto non son un ecosistema propiamente dito. A súa captura de CO₂ pode non ser estable a curto ou medio prazo, dependendo do uso da pasta de papel así como da estabilidade desas plantacións.

-Medida n.º 22. As plantacións de eucalipto non serán integradas na contabilidade nacional de emisións como compensación polo exceso de emisións doutras fontes, debido ao seu carácter inestable e imprevisible ao longo do tempo.

Directriz n.º 10. Pedir o compromiso da sociedade coa redución do consumo de papel e de enerxía.

O movemento ecoloxista é consciente de que a polémica dos cultivos intensivos destinados á fabricación de papel non se circunscribe a España ou Portugal, xa que en países en desenvolvemento (Brasil, Uruguai, Arxentina, India, Sudáfrica, etc.) o cultivo intensivo de eucalipto para a produción de pasta de celulosa ou combustible adquire magnitudes e graos de conflictividade social e ambiental moi superior aos da península Ibérica.

Por isto é moi importante asumir que a diminución dos danos sociais e ambientais asociados ás plantacións de eucalipto na península Ibérica non se pode producir á custa da "exportación" deses danos a outros países, por exemplo, de América Latina, cuxa madeira de eucalipto, sen transformar ou transformada, satisfai xa parcialmente a demanda da península e o resto de Europa. Entendemos que as

plantacións de eucalipto teñen cabida na península Ibérica de xeito racional, seguindo as directrices expostas neste documento, e con iso contribúese tamén a diminuír a pegada ecolóxica do transporte internacional da madeira e o seu cultivo en terceiros países, en ocasións, baixo condicións sociais e ambientais non desexables.

Como expresamos no manifesto "Unha visión común para cambiar a industria papeleira europea" de 2005, reafirmamos o noso compromiso de diminuír a pegada ecolóxica da produción de papel en todo o mundo.

Por outro lado, e ante as novas demandas de cultivo de eucalipto para biomasa e a utilización de restos de talla para a xeración de enerxía, entendemos que a resposta á crise enerxética dende España e dende Portugal se debe basear tanto na expansión das enerxías renovables con garantías de respecto ambiental coma na redución do consumo enerxético.

-Medida n.º 23. As administracións públicas deben reforzar as campañas destinadas a fomentar un consumo consciente de produtos forestais (que teña en conta tanto a orixe coma os sistemas de produción), e a redución do consumo de papel, o seu uso eficiente e o aumento da recollida selectiva e a reciclaxe de papel.

-Medida n.º 24. As administracións públicas deben reforzar as medidas destinadas ao aforro e á mellora da eficiencia enerxética en todos os sectores, co obxectivo de reducir en termos absolutos o consumo de enerxía.

Organizacións asinantes de "Unha Visión Común"

AEMS-Ríos con Vida - Amigos da Terra - Asociación Asturiana de Amigos da Natureza (ANA) - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) - Asociación para a Defensa dos Recursos Naturais de Cantabria (ARCA) - Asociación para a Recuperación do Bosque Autóctono (ARBA) - Asociación Ambiental Izate Ingurugiroaren Taldea (País Vasco) - Asociación Ambiental Ecos Astures - Asociación Ereba, Ecoloxía e Patrimonio - Colectivo Ecoloxista de Avilesino - Coordinadora Ecoloxista de Asturias - Ecoloxistas en Acción - Greenpeace España - Grupu d'Ornitoloxía Mavea - Instituto para a Calidade e a Educación Ambiental - SEO/Birdlife - Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) - Salvemos os Territorio do Baixo Navia (SALTERNAVIA) - Sociedade de Ciencias Naturais de Sestao - Verdegaiá - WWF España.